



APE GALICIA – NOVAS OUTUBRO 2025

- XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING “RISCOS LABORAIS DERIVADOS DA PRESENCIA DO RADÓN”
- XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING “OBRIGAS E SANCIONS DAS PEMES E AUTÓNOMOS EN MATERIA DE PRL”
- XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING “XESTIÓN DO ESTRÉS NA CONTORNA LABORAL”
- EDUGAL
- PRESENTACIÓN PARQUE EMPRESARIAL FRAGAMOREIRA
- XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING “PERSPECTIVA DE XÉNERO NA PRL”
- X EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE – AJE FERROLTERRA
- EVENTO RAFAEL LOUZÁN CIRCULO DE EMPRESARIOS
- PREMIOS CÁMARA DE COMERCIO- ENCE
- REUNIÓN APE GALICIA – GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
- XXIV PREMIOS AUTÓNOMO DEL AÑO ATA

XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING

“RISCOS LABORAIS DERIVADOS DA PRESENCIA DO RADÓN”

O pasado venres 3 de outubro, desenvolveuse unha xornada práctica sobre o radon en Galicia, organizada co obxectivo de concienciar a cidadanía e os profesionais sobre os riscos deste gas natural, invisible e inodoro, que pode ter importantes consecuencias para a saúde.

Durante o encontro, que tivo lugar entre as 9:30 e as 11:00 horas e se abordou que é o radon, como se xera e cales son os seus efectos sobre a saúde, ademais de analizar as obrigas legais vixentes e as medidas de prevención máis efectivas tanto para vivendas como para negocios.

Galicia, por ser unha das zonas con maior presenza deste gas, foi identificada como un territorio prioritario na loita contra os efectos do radon. A sesión, que contou cunha ampla participación, permitiu achegar información práctica e ferramentas para protexerse fronte a este risco ambiental.

XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING


“OBRIGAS E SANCIÓN S DAS PEMES E AUTÓNOMOS EN MATERIA DE PRL”

O pasado martes, 7 de outubro, tivo lugar unha xornada práctica dedicada ás obrigas e sancións en materia de Prevención de Riscos Laborais (PRL), dirixida especialmente a PEMES e profesionais autónomos.

O encontro contou coa participación dun especialista en PRL, que explicou de maneira clara e práctica cal é a normativa vixente, que obrigas deben cumprir as empresas e os autónomos, así como os principais tipos de sancións ás que poden enfrontarse no caso de incumprimento.

Durante a sesión, que se desenvolveu entre as 9:30 e as 11:00 horas, tamén se abordaron boas prácticas para garantir o cumprimento da

normativa e protexer a saúde do persoal traballador.



A actividade, organizada con inscrición previa a través da web apegalicia.gal, espertou un notable interese entre os asistentes, que valoraron positivamente a oportunidade de actualizar coñecementos e resolver dúbidas sobre unha materia clave para o funcionamento seguro das súas empresas.

XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING

“XESTIÓN DO ESTRÉS NA CONTORNA LABORAL”

O pasado venres, 9 de outubro, desenvolveuse unha xornada práctica sobre a xestión do estrés no ámbito laboral, centrada en ofrecer ferramentas e recursos para mellorar o benestar e a produtividade no traballo.

A sesión contou coa participación dunha especialista en xestión emocional e saúde laboral, que explicou que é o estrés laboral, como afecta ás persoas traballadoras e presentou estratexias eficaces para previlo e reduciilo. Ademais, a experta compartiu ferramentas prácticas para fomentar o equilibrio emocional e mellorar o clima laboral nas organizacións.

O encontro, celebrado entre as 9:30 e as 11:00 horas, contou cunha destacada participación e foi valorado moi positivamente polas persoas asistentes.

EDUGAL

APE Galicia estivo presente por primeira vez en Edugal, a feira da educación e da formación de Galicia, celebrada durante o mércores, xoves e venres desta semana. A entidade contou cun stand propio (nº 29) no que deu a coñecer á mocidade a súa oferta formativa e reafirmou o seu compromiso coa educación e o futuro profesional da xuventude galega.

Durante a xornada inaugural, APE Galicia estivo representada polo presidente José Ramón Caldas e a vicepresidenta Silvia Crespo, quen participaron no acto oficial de apertura e destacaron a importancia de que a asociación forme parte deste encontro educativo de referencia.

Edugal constitúe unha ferramenta esencial para que o estudiantado explore as distintas oportunidades formativas e profesionais, e a presenza de APE Galicia nesta edición supón un paso relevante para achegarse á xuventude e acompañala no seu desenvolvemento académico e laboral.



PRESENTACIÓN PARQUE EMPRESARIAL FRAGAMOREIRA

APE Galicia acompañou ao alcalde de Poio, Ángel Moldes e á conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, na presentación do proxecto do futuro polígono de Fragamoreira, unha iniciativa moi esperada polo tecido empresarial e comercial da zona.

O acto contou coa presenza do presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e da vicepresidenta, Silvia Crespo, que participaron nun encontro cercano e produtivo con empresarios do municipio, reafirmando o compromiso da entidade coa dinamización económica local e co apoio aos autónomos e ás pequenas empresas.



Desde APE Galicia destacouse que o novo polígono supón un paso adiante para a creación de oportunidades reais no territorio, favorecendo o emprendemento e o desenvolvemento industrial da comarca.

A asociación reiterou a súa vontade de seguir acompañando o talento emprendedor galego, sumando esforzos para impulsar proxectos que fortalezcan o tecido produtivo e xeren valor para a comunidade.

XORNADA DIVULGATIVA EN STREAMING “PERSPECTIVA DE XÉNERO NA PRL”

O pasado venres, 17 de outubro, APE Galicia organizou unha xornada práctica sobre a integración da perspectiva de xénero na Prevención de Riscos Laborais (PRL), coa finalidade de promover contornas de traballo máis seguras, equitativas e saudables.

A sesión, celebrada entre as 9:30 e as 11:00 horas, contou coa participación dunha especialista en igualdade e prevención, que explicou a importancia de recoñecer as diferenzas existentes entre homes e mulleres na exposición a determinados riscos laborais e de incorporar esta visión á planificación preventiva das empresas.

X EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE – AJE FERROLTERRA

APE Galicia asistiu con entusiasmo á décima edición dos Premios Ferrolterra Emprnde, organizados por AJE Ferrolterra e celebrados no Muíño de Xuvia, en Narón. O certame, que cumpre dez anos de traxectoria, consolidouse como un referente no recoñecemento ao talento, a innovación e o compromiso social das persoas emprendedoras da comarca.

A entidade galega non quixo faltar a esta cita coa iniciativa empresarial e aproveitou a ocasión para compartir experiencias e inspiración con numerosos emprendedores e emprendedoras da zona.



Un dos momentos máis destacados da gala foi a entrega do Premio ao Xove Empresario do Ano ao equipo do restaurante O Parrulo, dirixido polos irmáns Malena e Alberto Martínez, terceira xeración dun negocio familiar fundado en 1958. Os galardoados emocionaron ao público ao lembrar o legado dos seus avós e do seu pai, e ao destacar a relevancia da formación e da mellora continua como piares do éxito empresarial.

EVENTO RAFAEL LOUZÁN CIRCULO DE EMPRESARIOS

O 17 de outubro, o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e a vicepresidenta, Silvia Crespo, asistiron á comida homenaxe a Rafael Louzán, presidente da Real Federación Española de Fútbol, celebrada no Círculo de Empresarios de Vigo.

O acto serviu para recoñecer a traxectoria e o compromiso de Rafael Louzán, unha figura clave nos primeiros pasos de APE Galicia, cuxa colaboración foi fundamental para o crecemento e consolidación da entidade.

Durante o encontro, tanto Caldas como Crespo expresaron o seu agradecemento persoal e institucional, destacando que Louzán “é xa algo máis que un referente: é un amigo que sempre tivo Galicia e as súas xentes no corazón”.

A homenaxe desenvolveuse nun ambiente cheo de lembranzas, afecto e respecto, poñendo en valor os lazos que unen ás persoas e institucións que traballan polo progreso e o ben común do tecido empresarial galego.



PREMIOS CÁMARA DE COMERCIO – ENCE

La Cámara de Comercio de Pontevedra junto con Ence Energía y Celulosa entregaron recientemente en el Pazo Provincial los galardones del V Premio Cámara-Ence a la Innovación Forestal, con el apoyo del Plan Social de Ence en Pontevedra.

El premio a la mejor iniciativa empresarial en el ámbito de la innovación forestal correspondió al proyecto “Cornea (Cosmic Ray Neutrons for Agriculture)” de Neutron Insights S.L., spin-off tecnológica del Instituto Galego de Física de Altas Energías (IGFAE) de la Universidad de Santiago de Compostela.

En representación de Asociación de Propietarios e Empresas Forestales de Galicia – APE Galicia asistieron el presidente, José Ramón Caldas, y la vicepresidenta por Pontevedra, Silvia Crespo, quienes valoraron el compromiso

del sector forestal gallego con la innovación, la sostenibilidad y la economía circular.

XXIV PREMIOS AUTÓNOMO DEL AÑO ATA

El lunes 27 tuvimos el honor de asistir al acto de entrega de los Premios Autónomo del Año, organizados por la Federación Nacional de Asociaciones de Trabajadores Autónomos (ATA) en el Auditorio Banco Santander.

Nuestro presidente y vicepresidenta, junto a representantes de todo el país, compartieron una jornada muy especial en la que se reconoció el esfuerzo, la constancia y el espíritu emprendedor que definen al colectivo autónomo.

Durante la gala se entregaron los galardones a quienes este año han destacado por su compromiso con el trabajo autónomo:

Premio Autónomo del Año 2025: una iniciativa de Juan Roig para ayudar a los autónomos afectados por la DANA. Mejor programa en favor de los autónomos: el Programa de estímulo a la creación y consolidación del trabajo autónomo en Extremadura 2024-2027, por su labor en la generación de riqueza, empleo y oportunidades.

Premio al asociacionismo: el Consejo General de Dentistas de España, por su compromiso social, científico y laboral con la odontología.

Premio a la mejor trayectoria: Ángel Expósito, periodista y director de La Linterna de COPE.

Premio a la mejor emprendedora: Yohania De Armas, directora de Conecta Iberoamérica, por su trabajo ofreciendo oportunidades laborales

a personas migrantes. Premio de prensa: TodoDisca, medio especializado en discapacidad, dependencia, accesibilidad y personas mayores.

Un placer poder intercambiar impresiones y escuchar a Antonio Garamendi, Alberto Núñez Feijóo, Isabel Díaz Ayuso y Lorenzo Amor, y disfrutar de un bonito acto de reconocimiento al trabajo y la dedicación del colectivo.


Desde APE Galicia seguimos comprometidos con dar voz y apoyo a todos los autónomos gallegos.



O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



<https://www.instagram.com/apegalicia/>

Para mais información, visita a nosa web:

<http://www.apegalicia.gal/>

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gagos de
Mendoza N°2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

